

ELEJÍA

No bajas la cabeza, Platero, y no pongas esa carita tan triste porque no te dejan entrar en la escuela. Ya sé que tú no entiendes por qué no puedes estar con los niños, pero es que no cabes en la sillita. Además, ¿para qué necesitas tú aprender las letras si ya te ha enseñado Juan Ramón las estrellas y las flores? ¿Por qué vas a andar cargado de libros pudiendo volver del monte cargado de almoraduj?.



No, no es sitio para ti, Platero

Vente conmigo. Vámonos al bosque, que el bosque está hermoso en otoño. Es como una acuarela mágica ribeteada de oro, una paz estrellada de colores que se estremecen al paso de un viento suave que deja un rastro de felicidad antigua.

Ven, que las setas se han puesto sus sombreros más pintorescos y los helechos se han dado pinceladas rojizas como el crepúsculo. Éste si es tu sitio, Platero. Y el mío.

No es que yo sea un desterrado, es que no quiero más patria que tú, porque esta soledad conmigo me hace grande, me aleja de la absurda servidumbre de la nada, de los hombres convertidos en oficios, prófugos de la naturaleza que han olvidado el lenguaje de la tierra y no son más que seres yermos que no tienen nada que cultivar.

Ven, Platero, que a mí me basta el reposo de tus ojos mansos y el consuelo de las violetas.

Vamos a subir un poco más, que por allí hay grandes peñas que guardan misterios y desde la cima del monte, el eco se lleva tu risa resbalando hacia el río, y se ve el valle titubeante de sol. Y el horizonte inevitable.

Ven, que la ladera está llena de lilas y hay un sendero que cuando empieza a hacer frío nos lleva de vuelta a casa.



SEDE CENTRAL E AULAS DE SANTIAGO

Rúa Virxe da Cerca, 31

15703 Santiago de Compostela

Tel./FAX: 981 581533

www.ategal.com • coordinacion@ategal.com

AULAS DE A CORUÑA

Rúa Fonseca, 8

15004 A Coruña

Tel: 981 216863

AULAS DE FERROL

Rúa Galiano, 52, 1º esq.

15402 Ferrol

Tel: 981 356202

AULAS DE VIGO

Rúa Urzaiz, 120, 1º

36205 Vigo

Tel: 986 481600

AULAS DE MONTERROSO

Praza de Galicia, s/n

27560 Monterroso - Lugo

Tel: 982 377522

AULAS DE LUGO

Rúa Frai Plácido

Rei Lemos, s/n, 2º

27004 Lugo

Tel: 982 254677

AULAS DE VILALBA

Praza da Constitución, s/n

27800 Vilalba - Lugo

Tel: 982 510305

AULAS DE OURENSE

Rúa Progreso, 66, entr.

32003 Ourense

Tel: 988 215077

AULAS DE PADRÓN

Campo do Souto, s/n

15900 Padrón - A Coruña

Tel: 981 811329

XX CONGRESO REXIONAL EN OURENSE

Préganme unhas liñas para este número de ATEGAL, que vai cadrar coa celebración en Ourense do XX Congreso Rexional das Aulas de Galiza o día 22 marzal. Un novo Congreso é unha nova ocasión para nos xuntar todos, renovar as nosas forzas e fortalecer o noso espírito de convivencia.

O lema deste Congreso é "Vivir feliz e saudablemente", e para acadalo precisamos o arrimo e maila cooperación de todos. Sabemos, xa que logo, que xuntos podemos chegar moi lonxe. Por iso requerimos a cooperación dentro de cada Aula e de todas as Aulas, unhas coas outras. Estes congresos, as xuntanzas, as celebracións grupais, as viaxes colectivas, axúdannos a sentirmonos "grupo", e a lograr entre moitos, co mutuo apoio, o que nunca sería posible facer de xeito individual.

Hai xa algúns anos celebrábanse en Seattle (USA) unhas Olimpíadas para xoves con dependencias físicas ou psicolóxicas. Comezaba a carreira dos cen metros. Todos, cando ouviron o sinal, saíron coma lóstregos cara á meta. Digo mal. Todos non.

Un deles esbarou na saída, caeu e comezou a chorar. Decatáronse os outros. Detivéronse e deron a volta para axudar ao compañeiro. Todos! Ninguén faltou! Un deles dixolle: "Veña, agora vas ser ti o gañador". E todos, collidos das mans, camiñaron xuntos ata chegaren á meta. O estadio, en pé, premioulle cun longo e emotivo aplauso: o que un só non podería conseguir, lograron todos xuntos. Na vida, sabémolo abondo, o que importa non é tanto gañar como colaborar a que gañemos todos.

Nas Aulas iso é o que tanto arelamos: Lograr entre todos o que separadamente non podería conseguilo un só. Pois velaquí que neste mesmo curso, grazas á colaboración de todos, temos mellorado as nosas Aulas de toda Galiza. Con ledicia e con esforzo, podemos seguir adiante e mellorando cada día. Rabindranath Tagore dicía: "agora que pasaron os meus anos xogorais, decátome que dependo máis das velas ca dos remos". Compre, pois ter conciencia da nosa forza e da nosa habelencia para axeitar as velas ao vento do noso navegar ao ritmo que a vida nos impón. "Sofre en van aquel ao que nada lle satisfai", é un dito oriental. Benvidos ao Congreso e a seguir vivindo feliz e saudablemente!-

O lema do congreso é "Vivir feliz e saudablemente", e para acadalo precisamos o arrimo e maila cooperación de todos





NOVAS

AULAS DE FERROL

No mes de xaneiro impartíuse un curso de Habilidades Sociais pola psicóloga María Dosil, á que asistiron 15 alumnas.

En febreiro os alumnos de Arte visitaron a exposición de Gravados na Fundación Caixa Galicia de Ferrol e participaron nun obradoiro de gravado, traballaron en plástico, entintaron e imprimiron.

Os alumnos de Literatura asistiron a unha conferencia de Arturo Pérez Reverte no campus universitario de Ferrol.

AULAS DE PADRÓN

As Aulas de Padrón este ano teñen como novidade taichí e seguen coas súas excursións ao Balneario de Cuntis.

O 1 de marzo 50 alumnos asistiron ao concerto da Real Filarmonía de Galicia no Auditorio de Santiago.

AULAS DE VIGO

Este 2º cuatrimestre as Aulas de Vigo comezaron cunha viaxe cultural a Porto, Portugal, onde puídemos disfrutar dun bonito paseo ás ribeiras do Douro, ás tradicionais adegas, ao Palacio da Bolsa e á Casa da Música.

Para celebrar o Entroido realizamos unha visita a Campo Lameiro e aos muíños e “fervenza” do río Barosa, estes últimos de grande valor paisaxístico. Para completar esta visita disfrutamos dunha estupenda comida que tería como colofón o concurso de disfraces celebrado nun belísimo pazo de Moraña.

Continuouse coas actividades xa programadas e poremos en marcha un curso de Internet de 30 horas grazas ao programa ofertado pola

AULA DE VIGO NA FERVENZA DO RÍO BAROSA



Deputación de Pontevedra “*Ti tamén contas*”.

Tamén teremos, como é costume, o noso XVIII Festival “*Homenaxe á 3ª Idade*”, o vindeiro 29 de marzo ás 19:30h no Auditorio do Centro Cultural Caixanova.

Desde as Aulas de Vigo queremos agradecer o esforzo de toda a xente que participou activamente na organización do XX Encontro Rexional das Aulas de Galicia, en especial ás Aulas de Ourense e á súa coordinadora Marisa, para que todos podamos pasar un día de agradable convivencia.

AULAS DE OURENSE

Neste trimestre comezou un novo curso: “informática para o lecer”, ás actividades da área da saúde e benestar como Pilates e ximnasia de mantemento neste trimestre únese a actividade de ioga.

AULAS DE SANTIAGO

Neste segundo trimestre realizamos as seguintes actividades:

■ O pasado 23 de febreiro organizouse un debate sobre “os maiores e os medios de comunicación” no que participaron as alumnas do obradoiro de memoria e no que se perseguía obter datos de relevancia para o **foro Internacional sobre Comunicación e persoas maiores**.

■ O debate foi moderado polas alumnas de prácticas do Proxecto Persoa II: Sonia Cepeda Fandiño e Marta Becerra Mouzo.

■ Fíxose unha visita á exposición “O efecto das luces”, na Fundación Caixa Galicia, sobre a Real Sociedade Económica de Santiago de Compostela. Tamén visitamos o MUPEGA (Museo Pedagógico de Galicia) no que fixemos un perco-



AULAS DE SANTIAGO

rrido pola infancia dos anos 40 aos 60, da man da exposición “Ronsel de Ilusións”.

■ Dentro do convenio coa USC tivemos unha conferencia do Profesor do Departamento de Psicoloxía Evolutiva da USC D. Jose Cuba “A motivación permanente, clave para vivir mellor”.

■ Realizouse un “Taller Eurolatino” da man de Mª Pia Sancho Bichet (Alumna en prácticas de Traballo Social) que realizou unha comparación entre o seu país natal, Chile, e España. Fixéronse mostras culturais dos traxes típicos e da tradición musical de ambos os dous países.

■ Celebramos o Entroido cun xantar coa comida típica destas festas: cocido galego, filloas, orellas... moitos disfraces e moita moita festa.

AULAS DE A CORUÑA

A actividade académica das aulas da Coruña tivo as seguintes novidades:

■ **Concurso literario** con fallo na semana de celebración das Letras Galegas, consistentes nun relato corto que presentarán os alumnos voluntariamente e cuxo premio consiste na representación do grupo de teatro de ATEGAL Coruña da obra ou, pola contra, dunha adaptación de dita obra.

■ Tamén é importante, aínda que non tan novedoso, o comezo da inscrición dos **cursos breves** durante este mes de marzo, entre os que destacan:

- Un curso breve de dous meses sobre **fotografía dixital** no que se instruírá aos alumnos no manexo correcto das cámaras dixitais.

• Un **Taller de Escritura** que complementa á recentemente recuperada asignatura de literatura.

• Un **cine forum** no que, con motivo da proximidade no calendario da Semana Santa, emitiranse as longametraxes de “La Misión” e “La Pasión de Cristo” en pantalla xigante por medio do canón proxector.

• Un **curso de relaxación e antiestrés** da profesora de Taichí.

■ Unha vez conseguidas as autorizacións pertinentes, os dous grupos de Taichí da profesora Rosa Lamas teñen programado realizar clases na praia de Riazor durante o mes de maio.

■ É significativa a invitación que recibimos da **Facultade de Ciencias Políticas** da Universidade de Santiago de Compostela para realizar un debate sobre os dereitos do cidadán, nas instalacións do Concello da Coruña, na que participaron, en representación do centro, dous dos nosos alumnos cun importante papel.

AULAS DE VILALBA

Os alumnos de Vilalba e alumnos do IES Basanta Silva realizarán conxuntamente un taller de Contacontos o día 11 de maio de 2007 dirixido a alumnos do Centro Ocupacional de Vilalba (discapacitados psíquicos).

Esta actividade conxunta entre varias xeracións, enmárcamola dentro das actividades interxeracionais, obxectivo presente nas Aulas da Terceira Idade do Concello de Vilalba.

CORAL DE OURENSE

